

## INFANTIL/XUVENIL

## Na lúa

## Compromiso coa terra

MARÍA NAVARRO

As lembranzas que Baraka ten da súa avoa e en especial a frase que tantas e tantas veces lle repetían á vella “estás na lúa” sêrvenlle a Carmen Montalbán para artellar una historia tenra, chea de dobres sentidos e dun especial simbolismo que dirixe a súa ollada ao pasado e ao futuro, retratando un persente quizais substancial no eido das relacións interpersoais, mais nefasto se pensamos nas condicións de vida actuais e nas perspectivas de cambio no futuro.

Con doce anos, Baraka actualiza como se o estivera vivindo, os últimos anos de vida da súa avoa Baía, una de tantas persoas que expulsada dos seus territorios no Sahara occidental viven hai máis de tres décadas nos campamentos de refuxiados de Tinduf en Arxelia. A enfermidade de xenerativa que sofre a anciá permítelle a moza establecer uns lazos de unión extremadamente delicados non só coa nai de seu pai, senón tamén coas súas orixes en Dajla a pesar de non ter nunca ollado máis que a area do deserto e os barrios que a viron nacer e medrar.

Os sonhos e o desexo dun mundo mellor para os seus descendentes moven á anciá a reac-



ción como o fai; una veces motivada pola enfermidade e outras aguilloada polo seu pasado, mais sempre cun empuxe cara a adiante que lles

permita aos seus recuperar as posicións primitivas. Négase desta maneira a aceptar a amnesia persoal, provocada polo Alzheimer, e a colectiva, que leva a toda unha comunidade a esquecer as súas raíces. Así proxecta na súa neta as esperanzas de futuro, facendo que perciba un pasado no que florezan margaridas e se poida viaxar á Lúa en naves espaciais. O legado que lle deixa a súa neta non pode ser aparentemente máis contradictorio: a memoria que lle serve ao texto de fío argumental e hálle ser útil a Baraka para que devolva en termos de formación as reflexións de quen viviu noutros lugares máis favorables para o desenvolvemento humano.

No deserto, en medio de tormentas de area, azotados polo siroco e perseguidos pola cegueira internacional brotan nobres sentimentos como o amor aos maiores, a hospitalidade e o compromiso coa terra que asombran pola súa profundidade.

MONTALBÁN, Carmen, *Estas na lúa*, Ed. Kalandraka, Pontevedra 2008, páxinas.

## Retorna Lamote

## Un personaxe de noso

PAULA FERNÁNDEZ

No ano 1985 o Barco de Vapor publicou *Das cousas de Ramón Lamote*, unha obra que xa acadou, sen dúbida e tal e como acredita o feito de ser o noso primeiro premio nacional de literatura infantil e xuvenil, un lugar senlleiro na historia das nosas letras malia ser publicada nun intre en que este xénero aínda non estaba tan desenvolvido coma na actualidade. Ramón Lamote volve outra vez grazas á iniciativa do seu autor, Paco Martín (Lugo, 1940), desta volta da man da editorial Galaxia e preséntanos 20 anos despois. Un home ancián e xubilado, dotado dun xeito moi característico de entender o mundo, igual de entrañable ca o da primeira das obras. Mais, aínda que o título evoque unha primeira parte, non debemos falar de partes ou continuidade pois cada volume constitúe unha obra autónoma e independente no que atinxe ás aventuras malia seguir presente o espírito crítico e humorístico e algúns personaxes alén de Lamote.

Novas cousas, novos feitos que se dividen agora en sete capítulos artellados arredor de tres motivos fundamentais. Por unha banda o encargo literario dun poderoso empresario da tranquila cidade onde Ramón habita, encargo carente de contido útil



do que só grazas á intervención de Sabela e do noso protagonista se poderá tirar algún proveito. Por outra banda, a participación nunha curiosa asociación promovida pola súa amiga Astrea, que salienta o valor da amizade tan defendido polo velliño e, por último, o tem-

po que con motivo dun congreso transcorre o señor Lamote en Urbscras, unha cidade ficticia onde transcorren os últimos capítulos caracterizada pola ausencia de humanidade e polo control exercido por diferentes aparatos tecnolóxicos.

Recupérase desta maneira un clásico da literatura galega traducido para diferentes idiomas que lle valeu o recoñecemento en todos os países aos que chegou grazas ao carácter dun personaxe verosímil e tenro, cargado de valores e bos sentimentos, cargado tamén dun espectacular sentido do humor e dunha conciencia crítica que lle fan enfrontarse a moitos dos problemas tirados da sociedade actual dun xeito divertido e galego, cheo de retransca, moi ameno para quen le. Mais tamén un texto recoñecido grazas ao labor literario de Paco Martín á hora de narrar os acontecementos e caracterizar os seus personaxes, redondos estes e cheos de personalidade.

Un acerto editorial que achega un personaxe co que gozamos moitos dos que agora xa pasamos os trinta ás novas xeracións lectoras.

MARTÍN, Paco, *Das novas cousas de Ramón Lamote* (Ilustr. Xoán Balboa), Ed. Galaxia, Vigo, 2008. 182 páxinas.

## ANDEL DE NOVIDADES

M. BLANCO RIVAS

## Xenaro e a mochila verde

Mar Guerra

Edicións Xerais. 168 páxinas

A Xenaro o que máis lle gusta é xogar coas palabras e ler. Tamén lle gustan os xogos de computador, o xadrez, os cómics, os documentais e a música. Porén, pode parecer un bicho raro porque tamén lle encanta facer de detective e resolver misterios dos que se producen no Universal, o seu colexio. Xirando arredor da ami-

zade e os seus modelos, e xogando coa linguaxe e o humor, esta novela de Mar Guerra, gañadora do Premio Merlín de Literatura Infantil 2008, e ilustrada por Fernando Llorente, foi definida polo xurado como “un thriller psicolóxico” que desenvolve unha historia cotián de rapaces e rapazas dun centro escolar.



## Os Ancares

Anxo Fariña

Edicións A Nosa Terra. 64 páxinas

O macizo montañoso dos Ancares atópase nas provincias de Lugo e León, creando entre elas unha barrreira natural. Entre as montañas existen pequenos ríos que descenden até o fondo do val, ofrecendo unha mestura de paisaxes a medida que imos percorrendo a zona. Os cumios case con vexetación baixa, contrastan co que se observa nos vales: unha grande extensión de bosques caducifolios, que no outono ofrecen unha variada paleta de cores para gozo do camiñante. Este caderno de viaxe, mestura de diario e guía amosa a información indispensable para coñecer un lugar privilexiado.



## A soas

Ramón Pérez Cid

Edición do autor. 105 páxinas

Como suliña Ricardo Martínez Conde no limiar, á memoria biográfica correspóndelle un día, no espírito do home, unha labor de conmemoración. É isto nun dobre sentido: revivir a “persoiña” que foi xeradora dos sonhos que nos guiaron xa de maiores, e tamén revivir a paisaxe propia na que nos

forxamos como individuos “ceibes e trascendentes”. Este fermoso texto, de carácter autobiográfico, amósanos a vida de Ramón Pérez Cid, profesor de Lingua e Literatura Española; os seus primeiros anos en Xunqueira de Ambía, a guerra, as primeiras clases, os diferentes destinos e ao fin, o retorno.



## Mal de escola

Daniel Pennac

Edicións Xerais. 312 páxinas

Na liña narrativa de *Co ma unha novela*, este volume aborda a cuestión da escola na educación dende o punto de vista dos malos alumnos. O autor, un dos máis celebrados das letras francesas contemporáneas, un péximo estudante adolescente, estuda esta figura do folclore popular outorgándolle a nobleza que se merece e

restituíndolle a carga de dolor que a acompaña. *Mal de escola* mestura as testemuñas autobiográficas con reflexións sobre a pedagogía e as disfuncións da institución escolar, o papel dos pais e da familia co papel da televisión, e a sede de aprendizaxe coa dor de ser un mal estudante. A tradución é de Xavier Senín e Isabel Soto.

